

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 29/10/2018 8:40:32

SAIDA **13484/18**

Sra. secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural
Edificio Administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: F.7.Q/18899/18

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

Sra. secretaria xeral técnica:

No informe ordinario do Valedor do Pobo do ano 2017, na Área de Agricultura, Gandería e Pesca, mencionábanse os incendios forestais que tiveron lugar no mes de outubro do ano 2017, subliñando os seguintes aspectos:

“Causaron catro mortos; afectaron a 137 concellos; 2.400 persoas tiveron que ser desaloxadas das súas vivendas e máis de 49.000 hectáreas foron queimadas. Incendios que tiveron incidencia en dous sectores produtivos:


- *No ámbito rural. Foi necesario reparar danos en infraestruturas de titularidade pública e privada, en pistas forestais, en captación de augas e depósitos, en peches, en bebedoiros e en alpendres, con perda total ou parcial da produción agrícola dalgunhas explotacións, con morte de gando e perda de colmeas de explotacións apícolas.*
- *Nos bancos marisqueiros, tivéronse que tomar as medidas necesarias para evitar que os residuos dos incendios e os derivados da erosión dos terreos, puidesen afectar á acuicultura e ás rías.”*

Transcorrido un ano, tivemos coñecemento do ditame da *Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas de política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia*, aprobado o 31 de xullo e publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 364, do 20 de agosto.

No recente Pleno do Parlamento, na sesión do 4 de outubro, na pregunta oral formulada ao Presidente da Xunta de Galicia polo portavoz do Grupo Parlamentario de En Marea, na súa intervención deu conta das 30 medidas adoptadas polo Goberno Galego para reparar as consecuencias destes incendios forestais do mes de outubro de 2017, que tiveron a cualificación de excepcionais.

Con baseamento no exposto, solicitamos a súa colaboración institucional para ser informados, no prazo de quince días, sobre a situación das medidas adoptadas, cuxo coñecemento recabamos ao abeiro do artigo 16.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, reguladora do Valedor do Pobo.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo